



RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunus dentro do Dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (Praza núm. 3).

Por Resolución do 30 de xuño de 2023 (DOG núm. 134, do 14 de xullo de 2023) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunus, dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (praza núm.3)

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunus dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Carlos Saá Rodríguez, catedrático no departamento de Química Orgánica da Facultade de Químicas na Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

Mercedes Torneiro Abuín, profesora titular no Departamento de Química Orgánica na Universidade de Santiago de Compostela.

Fernando López García, investigador científico do CSIC, Misión Biológica de Galicia Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

